



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

01 ABR. 2024 19:15:12

Entrada **18943**

Pregunta sobre a defensa da función pública e da
diversificación da actividade de Correos

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado




Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á consideración da personalidade xurídica, á sustentabilidade económica e aos servizos que debe prestar a Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A., como instrumento para reverter o despoboamento rural e axudar á cohesión social e territorial.**

A Lei 43/2010, do 30 de decembro, do servizo postal universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal, no seu artigo 8 establece que “se debe garantir un servizo postal universal de calidade, prestado en todo o territorio do Estado con prezos accesíbeis e en condicións de permanencia e non discriminación”. Unha norma que traspuxo ao ordenamento xurídico do Estado español a Directiva comunitaria do 20 de febreiro de 2008 que, supostamente, debería asegurar que as persoas usuarias dos servizos postais gocen duns dereitos adecuados, independentemente de quen sexa o prestador dos mesmos e do ámbito de prestación.

Con todo, os recortes de persoal, de oficinas e de medios, especialmente no ámbito rural, deixan en evidencia que o contido da lei non se cumpre por parte da Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos. Unha paulatina degradación dos servizos e das condicións laborais do persoal de Correos que se iniciou xa coa aprobación da liberalización do sector postal ao abeiro da Lei 24/1998, do 13 de xullo.

Para mellorar a actual situación é necesario poñer en marcha unha serie de medidas que contribúan a protexer os dereitos do conxunto da cidadanía, ante





a situación de precariedade duns servizos que son esenciais e cuxa carencia sofre o 23% da poboación, afectando a un 85% do territorio estatal.

É necesario fortalecer a estrutura pública da Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A., así como aumentar as prestacións que ofrece á cidadanía, de maneira que se dea resposta ás necesidades dese 23% de poboación á vez que se contribúe á sustentabilidade económica da Sociedade Estatal e ao mantemento do emprego.

O Estado español no seu conxunto e Galiza en particular, padecen unha perda alarmante de poboación nas zonas rurais. Dos 313 concellos galegos, 257 teñen menos de 10.000 habitantes e cunha alta dispersión da poboación. Se o extrapolamos ao resto do Estado, o panorama non é mellor con 1374 unidades de poboación de cen veciños ou menos. A perda de servizos postais nas poboacións rurais vai en aumento. No caso de Galiza, afecta de maneira máis preocupante ás comarcas do interior, pero tampouco se libran os concellos das áreas da franxa atlántica.

Veciños e veciñas que ven como se incumpre o seu dereito a un servizo postal universal, creándolle importantes problemas pola desaparición duns servizos esenciais para o seu día a día. Deficiencias que se están agravando nos últimos anos e que requiren da incoación de medidas para poder ofrecer un servizo de calidade.

Actualmente, a distancia que debe percorrer a poboación das zonas máis despoboadas para acceder aos servizos postais é inaceptábel e está lonxe de colmar o dereito a un servizo universal sen discriminación. Está a discriminarse ás poboacións das áreas rurais ao non dispoñer dun servizo postal de calidade. Non se garante a vertebración e a cohesión territorial.

O 12% da poboación residente en lugares de menos de 10.000 habitantes ten dificultades para acceder a servizos de alimentación, porcentaxe que sobe ao 14% no caso de servizos bancarios e ao 17% no caso dos servizos postais. Un prexuízo máis reprochábel no caso dos servizos de correos por prestalos unha empresa pública.



De feito, o informe do Consello Económico e Social estatal de 2018, así como o documento “A estratexia España 2050”, inciden na necesidade de fortalecemento dos servizos públicos. Así mesmo, na Estratexia Estatal fronte ao Reto Demográfico, inclúese entre os seus obxectivos, o de “asegurar unha apropiada prestación de servizos básicos a toda a poboación en condicións de equidade, adaptada ás características de cada territorio”.

Como entidade pública empresarial, a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos debe servir ao interese xeral, ser un instrumento útil para atender ás necesidades sociais e coidar as demandas das zonas máis vulnerábeis e desprotexidas como é o ámbito rural. Trátase dunha entidade con capilaridade en todo o territorio e dispón de capacidade para avanzar nunha maior vertebración e cohesión social.

Aínda que se deron tímidos pasos para favorecer que a entidade pública poida contribuír á prestación de servizos esenciais e ao achegamento e mellora da eficiencia da administración pública no seu trato coa cidadanía, segue sen ser en absoluto suficiente. É preciso ampliar este tipo de políticas.

Por unha banda, é imprescindible reforzar o status xurídico como sociedade pública, apostando polo reforzo dos servizos públicos, dando a volta á tendencia posta en práctica até este momento.

A necesidade de fortalecer o sistema de servizos públicos quedou evidenciada durante a pandemia da COVID19. Para avanzar nesta liña, o primeiro paso debe ser dar seguridade xurídica e fixar legalmente a súa natureza pública. Correos presta un servizo público, declarado esencial durante a pandemia, é necesario recoller de forma explícita a consideración como empresa pública da devandita sociedade estatal.

En segundo lugar, é fundamental dotar á Sociedade Estatal do financiamento necesario para corrixir e solucionar as deficiencias de servizos en moitos territorios, especialmente no medio rural. Coa adecuada dotación de medios, Correos podería ser un medio idóneo para facilitar servizos postais e de paquetería, pero tamén servizos bancarios e de seguros (a través dunha entidade pública), de telefonía ou outros como o transporte de medicinas



desde as farmacias ás poboacións rurais sen o devandito servizo. Este último podería lograrse coa creación dun servizo de paquetería especial para o envío de medicamentos por parte das farmacias a un prezo económico e para dar servizo ás persoas que viven en poboacións rurais, que teñen problemas para desprazarse, persoas maiores ou dependentes con mobilidade reducida e así recibir a súa medicación. Un servizo que xa foi valorado por Correos e que na actualidade faise cada vez máis necesario. Trátase, ademais de ampliar o abanico de servizos desde unha óptica pública e redundando no ben colectivo.

No ámbito bancario, Correos debe recuperar o papel protagonista que ostentou noutros tempos e canalizar as necesidades da poboación en canto a servizos bancarios, sobre todo cando a banca privada desentendeuse dunha gran parte da poboación, recortando oficinas, negando unha atención presencial próxima e en horario suficiente na maioría de núcleos.

Así mesmo, a crecente evolución do comercio online require da existencia dunha entidade pública forte para asegurar que os usuarios/as poidan acceder aos devanditos servizos a prezos accesíbeis, en igualdade de condicións coa poboación de zonas urbanas onde hai maior oferta e competitividade.

En terceiro lugar, faise imprescindible dotar á entidade dos instrumentos necesarios para afrontar os novos retos e as novas realidades. Actualizar o marco do Servizo Postal Universal (SPU) dando cobertura a eses servizos que a día de hoxe non forman parte do mesmo. Para iso, é necesario habilitar os medios para que Correos, como empresa pública, oferte devanditos servizos postais, de forma especial, no medio rural e zonas deprimidas económica e demograficamente, garantindo a igualdade e a equidade nun servizo público básico.

Os debates sobre o despoboamento do medio rural non poden quedar en proclamas ou en declaracións de intencións. Fixar poboación no ámbito rural implica garantir servizos básicos, de non ser así ninguén pode vivir e traballar nas localidades rurais.



Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Que disposición ten o Goberno para declarar á Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A., como empresa de interese social e utilidade pública?
2. Adoptará as decisións necesarias para que a Sociedade Estatal Correos e Telégrafos S.A., poida actuar como entidade financeira pública e de seguros?
3. Non cre que a prestación de servizos bancarios a través dunha entidade pública é necesaria nun contexto no que a banca privada desentendeuse dunha gran parte da poboación, recortando oficinas, negando unha atención presencial próxima e en horario suficiente, sobre todo no medio rural?
4. Dotará o Ministerio de Facenda dun financiamento suficiente a esta entidade pública empresarial para darlle sustentabilidade económica e facer fronte aos retos de servizos actuais, tendo en conta criterios de servizo público?
5. Revisará os servizos contemplados no SPU, dando cabida ás necesidades actuais (financeiras, paquetería, comunicación,...)?
6. Establecerá a apertura en horario de tarde en todas as oficinas, evitando deste xeito as dificultades de acceso que manifestan os informes?
7. Adoptará as medidas necesarias para a creación dun operador de telefonía público aproveitando a sinerxía da filial Correos Telecom?
8. Que disposición ten a habilitar un servizo especial de paquetería a prezos económicos para a entrega de medicamentos a persoas que



viven en poboacións rurais ou que teñen problemas para desprazarse a localidades con servizos farmacéuticos?

9. Non cre que un servizo deste tipo redundaría nun ben colectivo e contribuiría a mellorar as condicións nas zonas rurais?

Madrid, a 1 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la consideración de la personalidad jurídica, a la sostenibilidad económica y a los servicios que debe prestar la Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, S.A., como instrumento para revertir la despoblación rural y ayudar a la cohesión social y territorial.**

La Ley 43/2010, de 30 de diciembre, del servicio postal universal, de los derechos de los usuarios y del mercado postal, en su artículo 8 establece que “se debe garantizar un servicio postal universal de calidad, prestado en todo el territorio del Estado con precios asequibles y en condiciones de permanencia y no discriminación”. Una norma que traspuso al ordenamiento jurídico del Estado español la Directiva comunitaria de 20 de febrero de 2008 que, supuestamente, debería asegurar que las personas usuarias de los servicios postales gocen de unos derechos adecuados, independientemente de quien sea el prestador de los mismos y del ámbito de prestación.

Sin embargo, los recortes de personal, de oficinas y de medios, especialmente en el ámbito rural, dejan en evidencia que el contenido de la ley no se cumple por parte de la Sociedad Estatal de Correos y Telégrafos. Una paulatina degradación de los servicios y de las condiciones laborales del personal de Correos que se inició ya con la aprobación de la liberalización del sector postal al albur de la Ley 24/1998, de 13 de julio.



Para mejorar la actual situación es necesario poner en marcha una serie de medidas que contribuyan a proteger los derechos del conjunto de la ciudadanía, ante la situación de precariedad de unos servicios que son esenciales y cuya carencia sufre el 23% de la población, afectando a un 85% del territorio estatal.

Es necesario fortalecer la estructura pública de la Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, S.A., así como aumentar las prestaciones que ofrece a la ciudadanía, de manera que se dé respuesta a las necesidades de ese 23% de población al tiempo que se contribuye a la sostenibilidad económica de la sociedad estatal y al mantenimiento del empleo.

El Estado español en su conjunto y Galiza en particular, padecen una pérdida alarmante de población en las zonas rurales. De los 313 concellos galegos, 257 tienen menos de 10.000 habitantes y con una alta dispersión poblacional. Si lo extrapolamos al resto del Estado, el panorama no es mejor con 1374 unidades de población de cien vecinos o menos. La pérdida de servicios postales en las poblaciones rurales va en aumento. En el caso de Galiza, afecta de manera más preocupante a las comarcas del interior, pero tampoco se libran los concellos de las áreas de la franja atlántica.

Vecinos y vecinas que ven como se incumple su derecho a un servicio postal universal, creándole importantes problemas por la desaparición de unos servicios esenciales para su día a día. Deficiencias que se están agravando en los últimos años y que requieren de la implementación de medidas para poder ofrecer un servicio de calidad.

Actualmente, la distancia que debe recorrer la población de las zonas más despobladas para acceder a los servicios postales es inaceptable y está lejos de colmar el derecho a un servicio universal sin discriminación. Se está discriminando a las poblaciones de las áreas rurales al no disponer de un servicio postal de calidad. No se garantiza la vertebración y la cohesión territorial.

El 12% de la población residente en lugares de menos de 10.000 habitantes tiene dificultades para acceder a servicios de alimentación, porcentaje que



sube al 14% en el caso de servicios bancarios y al 17% en el caso de los servicios postales. Un perjuicio más reprochable en el caso de los servicios de correos por prestarlos una empresa pública.

De hecho, el informe del Consejo Económico y Social estatal de 2018, así como el documento “La estrategia España 2050”, inciden en la necesidad de fortalecimiento de los servicios públicos. Así mismo, en la Estrategia Estatal frente al Reto Demográfico, se incluye entre sus objetivos, el de “asegurar una apropiada prestación de servicios básicos a toda la población en condiciones de equidad, adaptada a las características de cada territorio”.

Como entidad pública empresarial, la Sociedad Estatal de Correos y Telégrafos debe servir al interés general, ser un instrumento útil para atender a las necesidades sociales y cuidar las demandas de las zonas más vulnerables y desprotegidas como es el ámbito rural. Se trata de una entidad con capilaridad en todo el territorio y dispone de capacidad para avanzar en una mayor vertebración y cohesión social.

Aunque se han dado tímidos pasos para favorecer que la entidad pública pueda contribuir a la prestación de servicios esenciales y al acercamiento y mejora de la eficiencia de la administración pública en su trato con la ciudadanía, sigue sin ser en absoluto suficiente. Es preciso ampliar este tipo de políticas.

Por una parte, es imprescindible reforzar el estatus jurídico como sociedad pública, apostando por el refuerzo de los servicios públicos, dando la vuelta a la tendencia practicada hasta este momento.

La necesidad de fortalecer el sistema de servicios públicos quedó evidenciada durante la pandemia de la COVID19. Para avanzar en esta línea, el primer paso debe ser dar seguridad jurídica y fijar legalmente su naturaleza pública. Correos presta un servicio público, declarado esencial durante la pandemia, es necesario recoger de forma explícita la consideración como empresa pública de dicha sociedad estatal.

En segundo lugar, es fundamental dotar a la Sociedad Estatal de la financiación necesaria para corregir y solucionar las deficiencias de servicios



en muchos territorios, especialmente en el medio rural. Con la adecuada dotación de medios, Correos podría ser un medio idóneo para facilitar servicios postales y de paquetería, pero también servicios bancarios y de seguros (a través de una entidad pública), de telefonía u otros como el transporte de medicinas desde las farmacias a las poblaciones rurales sin dicho servicio. Este último podría lograrse con la creación de un servicio de paquetería especial para el envío de medicamentos por parte de las farmacias a un precio económico y para dar servicio a las personas que viven en poblaciones rurales, que tienen problemas para desplazarse, personas mayores o dependientes con movilidad reducida y así recibir su medicación. Un servicio que ya fue valorado por Correos y que en la actualidad se hace cada vez más necesario. Se trata, además de ampliar el abanico de servicios desde una óptica pública y redundando en el bien colectivo.

En el ámbito bancario, Correos debe recuperar el papel protagonista que ostentó en otros tiempos y canalizar las necesidades de la población en cuanto a servicios bancarios, sobre todo cuando la banca privada se ha desentendido de una gran parte de la población, recortando oficinas, negando una atención presencial próxima y en horario suficiente en la mayoría de núcleos.

Así mismo, la creciente evolución del comercio online requiere de la existencia de una entidad pública fuerte para asegurar que los usuarios/as puedan acceder a dichos servicios a precios asequibles, en igualdad de condiciones con la población de zonas urbanas dónde hay mayor oferta y competitividad.

En tercer lugar, se hace imprescindible dotar a la entidad de los instrumentos necesarios para afrontar los nuevos retos y las nuevas realidades. Actualizar el marco del Servicio Postal Universal (SPU) dando cobertura a esos servicios que a día de hoy no forman parte del mismo. Para ello, es necesario habilitar los medios para que Correos, como empresa pública, oferte dichos servicios postales, de forma especial, en el medio rural y zonas deprimidas económica y demográficamente, garantizando la igualdad y la equidad en un servicio público básico.



Los debates sobre la despoblación del medio rural no pueden quedarse en proclamas o en declaraciones de intenciones. Fijar población en el ámbito rural implica garantizar servicios básicos, de lo contrario nadie puede vivir y trabajar en las localidades rurales.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Qué disposición tiene el Gobierno a declarar a la Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, S.A., como empresa de interés social y utilidad pública?
2. ¿Adoptará las decisiones necesarias para que la Sociedad Estatal Correos y Telégrafos S.A., pueda actuar como entidad financiera pública y de seguros?
3. ¿No cree que la prestación de servicios bancarios por una entidad pública es necesaria en un contexto en el que la banca privada se ha desentendido de una gran parte de la población, recortando oficinas, negando una atención presencial próxima y en horario suficiente, sobre todo en el medio rural?
4. ¿Dotará el Ministerio de Hacienda de una financiación suficiente a esta entidad pública empresarial para darle sostenibilidad económica y hacer frente a los retos de servicios actuales, teniendo en cuenta criterios de servicio público?
5. ¿Revisará los servicios contemplados en el SPU, dando cabida a las necesidades actuales (financieras, paquetería, comunicación,...)?



6. ¿Establecerá la apertura en horario de tarde en todas las oficinas, evitando de este modo las dificultades de acceso que manifiestan los informes?
7. ¿Adoptará las medidas necesarias para la creación de un operador de telefonía público aprovechando la sinergia de la filial Correos Telecom?
8. ¿Qué disposición tiene a habilitar un servicio especial de paquetería a precios económicos para la entrega de medicamentos a personas que viven en poblaciones rurales o que tienen problemas para desplazarse a localidades con servicios farmacéuticos?
9. ¿No cree que un servicio de este tipo redundaría en un bien colectivo y contribuiría a mejorar las condiciones en las zonas rurales?

Madrid, a 1 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso